

A MICA E O MUSGO

A Teresa B., desde o país que nos une

Se en *A teta sobre o sol*¹, Olga Novo nos sorprendía cunha vivencia do erotismo telúrica e cósmica chea de referencias sensuais, *Nós nus*² -a súa segunda entrega individual- retoma o tema, mesmo incluíndo algúns poemas da *Carpeta* anterior, para incidir, outravolta nesa vivencia erótica profunda. As rutas da sensualidade acenturaron agora o seu carácter bidireccional pois tanto levan á voz poética cara ó ser amado como a fan aprofundar nas súas raíces primixenias xa que a forma de escrita determínase irremediabilmente na propia orixe, nas sensacións que atesouramos desde o estadio infantil. Así, desdobrándose en oínte, o eu declara:

nótaseche que desde a primeira infancia xogas co olor das glicinas,

que viches medrar con asombro o carballo ó pé da casa,

que vivides das vacas. aínda nóta-lo agre olor do leite callado cando

[escribes poemas para o

home que amas.

A volta ó ámbito primixenio efectúase dun xeito progresivo. O eu poético vai derramándose por el como un cántaro de leite, dun xeito demorado que implica a búsqueda desa simplicidade que nos leva cara á nudez máis absoluta do ser. Paseño imos ficando espidos de tanto accesorio inútil para sentir a un tempo, cada vez máis forte, o latexo dos corpos amados, das terras que nos enxendraron. E o amor repousa mentres nas redomas das nais -meigas, loucas, deusas- como unha materia lenta que se vai concentrando nas vasillas ata a súa esencia máxima. Na procura dese amor o eu poético é un ser activo que o ofrece todo:

miña é a medición do mercurio

e a decisiva busca do manancial

¹ Edicións do Dragón, 1996.

² Xerais, Colec. "Ablativo Absoluto", Vigo, 1997

que me devolva a correntes con azar de baías.

e que ninguén me busque

e que ninguén me busque exposta como estou á madrugada

regresada nun instinto de rumor de froita

devastada na constancia de coce-lo amor a lume lento

rebetada na percura dun perfume incendiario

de lentísima flor de cerdeira.

Neste xeito de ofrecerse, o eu poético enlaza coas "desertoras", todas esas mulleres que se afastaron conscientemente dos patróns establecidos polo poder masculino para sufrir o rexeitamento social e ficar excluídas da vida cotiá. As *bruxas* queimadas na fogueira pola súa sabencia homeopática, as *perversas* reducidas a seres extravagantes que camiñan cara ó desastre, as *loucas* reclamando unha miga de dignidade, en definitiva, as mulleres conscientes de ser xeradas como verdadeiros entes e non como un despoxo do home. Todas as que viven a natureza como unha nai a quen ofrecer o corpo nú, nunha ofrenda de fecundidade que lles reporta crónicas da súa orixe como quen abre o álbum dos seus anos novos:

queríamos abrollar a lendas

e distinguirmos de nomes fraguentos,

romper a pracer con cinturas de río

e xogar á nova maneira de estrutura-las cores

e de marca-las ensoñacións

con sobrenaturais ritmos cotiáns.

e non nos chegaba o día para susurra-los lirios

e ensaiar modalidades de outonizas.

andabamos devecidas polas rochas

e calquera movemento de frauta deixábanos espidas.

(...)

foramos, tempo atrás, convocadas ó abandono.

había que descoñecer profundamente

e acadar pumariñas polos ollos.

Tamén o eu poético seu une á grei das *desertoras* e vaga libre polo cosmos nun berro vitalista que nos devolve a un ámbito de sensualidade plena onde ata o último centímetro de pel teña protagonismo para sentir todo o que o rodea. Pero vai deixando rastros que permitan ós amados seguila, ás amigas atopala aberta para as sensacións, ás desertoras enlazarse con ela nun canto de plenitude:

buscádeme nos veigais

que eu ando ceiba

e non libo máis pracer

que os vosos cus estampados de carqueixas e herbosas.

E, finalmente, o eu poético desde a totalidade dunha vida que se enche de sabores, de olores florais, de caricias... reencóntrase co auténtico amado, aquel a quen introducir en todo este mundo de sensacións. Na unión da mica e o musgo, aberta a redoma dos amores latentes, o eu trae un regalo para o amante

medas de lis para ti, no tempo nómade sen millo,

porque penétra-las fragas da tribo onde as mais

enormes que amas, somos meigas ou hippies

ou tal vez cervas muando ó húmido cremor

do teu bico embrión de sílex.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 803, 6-11-1997, p. 23